



PURA VÁZQUEZ

Ourense, 1918

Poeta, narradora e dramaturga, realizou estudos de maxisterio en Ourense e exerceu a docencia como

mestra en Galicia, España e Venezuela, país este último no que residiu cinco anos. Xunto coa súa irmá, a tamén escritora Dora Vázquez, cultivou especialmente a literatura infantil. Na actualidade, Pura Vázquez está considerada como

unha das grandes voces femininas da poesía galega contemporánea. Entre as súas obras poéticas podemos destacar *Íntimas*, *A saudade e outros poemas*, *Se digo Ourense o Orballa en tempo lento*.



NOS CENTO E TANTOS ANOS DE DON RAMÓN OTERO PEDRAYO

Pura Vázquez

Nos cento e tantos anos do seu nacemento, a figura de D. Ramón Otero Pedrayo que tanto tivo que ver co noso galeguismo e co do Patriarca das Letras Galegas, segue a ser modelo y exemplo de coherencia e lintel da súa literaria obra, así como dos seus ensaios, novelas e demais obras, que as escribiu dabondo, para beneficio de Galicia e consolo dos seus moitos lectores, e alumnos. Sobre todo os que fomos alumnos.

Porque os que fomos alumnos de tal profesor i erudita persona, nunca poidemos esquecernos del, na nosa xove e dourada adolescencia, cando a súa palabra acendía en nós desexos de cousas que poderían parecer revolucionarismo, pero que non era máis que o querer mostrarlle a D. Ramón que coincidíamos xa con moitas das cousas que nos dicía ou nos deixaba adiviñar, pois aínda que eramos demasiado noviños todos, xa adiviñabamos que eran cousas grandes, ideas para un novo país e a súa renovacion.

Pero o que máis nos atraía de D. Ramón, cando o coñecemos, nas clases de Historia de España no primeiro curso e de Historia Universal no segundo curso, era a súa claridade, o poder interpretar ben o seu anxeio cultural para a terra que o vira nacer para o mundo, pero sobre todo para nós, estudantes e alumnos seus. Sempre atento á nosa educación e aplicación, ó noso diario que facer, o mesmo no ensino como estudantes xovencísimos que eramos, sedentos de saber. El era atento e sempre cumpridor fiel con nós e co seu que-facer para que poideramos aproveitar cada clase á que asistíamos todos co maior dos entusiasmos. Tamén nos gustaba a súa tolerancia para as ideas que tiñan, ou deixaban de ter os demais.

Iste amor por Ourense e polos ourensáns, levará ó seu pai a prantar aquela centenaria árbore de Trasalba que parece que era unha bela araucaria, logo do nacemento do seu fillo. Arbore que viviu cando os anos do neno, frondosa e forte coma a personalidade do noso fidalgo amado, que sendo galego e nacionalista, non



Porque os que fomos alumnos de tal profesor i erudita persona, nunca poidemos esquecernos del.

tivo receo en declararse tamén europeo e universalista cando a historia o chamou e marcou o seu dedo providencial para as nobres tarefas dun refinado talento para a erudición e o servicio creador da nova Galicia que naqueles intres se forxaba.

Como escritor publicou grandes obras, narrativas, dramáticas e políticas nas que deixou para sempre a súa pegada de filosofía excelente. Foi tamén xeógrafo, poeta e un grande profesor para as xeneracións de galegos que tivemos a sorte de ser seus alumnos. E el foi sobre todo un grande orador, xornalista, e bó coñecedor da Xeografía e Historia da nosa terra.

Don Ramón foi para todos os que o ceñeceron e admiramos un dos máis sobranceiros personaxes da nosa matria, como me gusta chamarlle a esta terra nosa, pois esa palabra evócame sempre a nunca perdida idea da mai. Sobranceiro foi non só da auténtica galeguidade, Literatura e historia, e da nosa e as dis-

tantes xeografías. Materias esas que aprendín da súa propia voz e palabra nese querido Centro que é o Instituto que hoxe leva o seu nome en Ourense. El pertenceu a aquela magnífica xeración de nomes preclaros, a xeneración NÓS, figuras que foron xurdindo daquela para moitos “ante” e a “post” guerra, naquel inmisericorde ano 1936.

Non vou a lembrar aquí o que todos saben sobre o ben chamado Patriarca das Letras Galegas, xa tan mencionado. Pero tiveron a sorte de ser discípula súa no citado instituto, que creo que era o único Centro Oficial de Ensino do bacharelato que tiñamos daquela en Ourense.

Será acaso por iso que o seu nome e as súas obras, coa amada, moi querida para min Trasalba, me traen sempre de lonxe as mellores lembranzas da miña xuventude. E tamén sobre todo as daquelas clases do profesor que tanto me valeron no ensino máis tarde, xa que cada lección e clase sentíamos os



En cada lección e clase podíamos ollar coa imaxinación todo aquilo que el nos explicaba coa súa verba sempre acendida.

compañeiros e mais eu que podíamos ollar coa imaxinación todo aquilo que el nos explicaba coa verba súa sempre acendida.

Na guerra e despois dela, D. Ramón perdérase para nós necesariamente, para os seus amigos e alumnos, xa que todos andivemos moi perdidos os uns dos outros. E cando pasados uns anos o atopei en Santiago, era xa profesor da Universidade de Compostela e viña con Fita, a súa engadadora esposa.

Ambos outorgábanme agora o inapreciable don da súa amizade. Ás veces era invitada por eles a ir a Trasalba, ó seu pazo. Lembro que unha ocasión na rúa do Paseo ourensán, estando co meu amigo xornalista, agora famoso narrador de novela e conto, Xosé Fernández Ferreiro, pasaron D. Ramón e a súa dona e se detiveron a falar con nós. Ó despedirse, invítáronnos amablemente ós dous ex-alumnos, a ir nun determinado día a xantar con eles a Trasalba. Alá

acudimos nun taxi, contentos coma cucos, o amigo e máis eu na data sinalada. Pasámolo formidablemente escoitando as máis fermosas e ignoradas historias de Ourense e de Galicia. Quedamos en voltar. Ferreiro e máis eu estábamos embobados pola sabeduría do noso antigo profesor. Logo a vida voltou a separarnos a todos. Cada un, tiña as súas responsabilidades, e sabíamos cumprilas.

Máis tarde, a vida, a sorte, ou Deus quizá, levounos baixo das lindes da vellez unha vez máis a Trasalba a fermosa e acolledora. Xa non a habitaban Fita, a querida amiga, nin D. Ramón. Xa non estaba ningún dos meus amigos. Acudín de invitada para recibir ese Premio Trasalba que tanto estimo, por ser algo deles. Algo que me viña deles dalgunha maneira, acaso pola miña sinxela amizade para con eles, e porque era, e se debía á memoria daquel tan ilustre e sabio profesor galego, tan amigo dos seus amigos como era o noso Don Ramón Otero Pedrayo.